

ESTATUTOS DO CLUB AMIGOS DO BALONCESTO PONTEVEDRA

CAPITULO I

NORMAS XERAIS:

Artigo 1º.- O Club Amigos do Baloncesto Pontevedra (C.A.B. Pontevedra) é unha asociación privada sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Artigo 2º.- O Club Amigos do Baloncesto Pontevedra practicará como principal modalidade deportiva a de BALONCESTO, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

O Club poderá afiliarse tanto á Federación Galega de Baloncesto como á Federación Española desta disciplina deportiva.

Sen prexuízo do anterior, o Club Amigos do Baloncesto Pontevedra poderá chegar a desenvolver a práctica de outras modalidades deportivas, a cuxo efecto haberá de acordarse pola Asamblea Xeral do Club a creación das correspondentes seccións deportivas, procedéndose logo á súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou órgano administrativo que chegue a asumir as súas competencias.

Artigo 3º.-O Club Amigos do Baloncesto Pontevedra terá o seu domicilio social en Rúa García Camba, nº 4, 6º C, 36.001 de Pontevedra.

O Presidente, cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordó maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIÓNS

Artigo 4º.- O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou de capacidade física das instalacións.

Artigo 5º.- Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes, familiares e protectores.

1.- Serán socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral.

2.- Os menores de 18 anos, clasificaranse como socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

3.- Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción, así como, en calquera caso, os socios fundadores do Club. Os socios honorarios terán un posto de preferencia nos actos oficiais do Club.

4.- Serán socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con él no mesmo domicilio.

5.- Serán socios protectores aqueles que colaboren economicamente e de forma desinteresada co Club.

Artigo 6º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos do Club.

b) Esixir que o Club se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido nos presentes Estatutos.

c) Separarse libremente do Club.

d) Coñece-las actividades do Club e examina-la súa documentación, previa petición, por escrito e razoada, ó Presidente.

e) Expor libremente as súas opinións no seo do Club, con observancia das normas básicas de respecto aos demais.

f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno do Club, sempre que teña plena capacidade de obrar e cumplan cos requisitos establecidos pola normativa electoral.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

a) Aboa-las cotas que se acorden pola Asemblea Xeral, na forma e prazos que se sinalen pola mesma.

b) Contribuír ó sostemento e difusión do deporte ou modalidades deportivas do Club.

c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou o Presidente, para o bo goberno do Club.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a aproveitarse dos servicios e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a aproveitarse daqueles servicios e instalacións que se determinen, previo pago da cota fixada.

Artigo 7º.- Requisitos de admisión de socios.-

1.- Para ser admitido como socio de número ou aspirante será necesario:

- Te-la idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida ó Presidente.
- Satisface-la cota de ingreso correspondente.

2.- Para ser admitido como socio honorario será necesario acordo ao respecto adoptado pola maioría dos membros da Asemblea Xeral do Club, previa petición feita polo Presidente, pola Xunta Directiva ou ben ben por alomenos 1/3 dos membros da Asemblea.

Exclúese o caso dos socios fundadores, que terán sempre a condición de socios honorarios, pola súa condición de fundadores do Club.

3.- Para ser admitido como socio protector, requírese colaborar economicamente, de xeito desinteresado, co Club e ser nomeado como tal pola Xunta Directiva, por maioría dos seus membros, dando conta á Asemblea na primeira reunión que a mesma celebre tras o seu nomeamento.

Artigo 8º.- A condición de socio pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses, sexan consecutivos ou non, previo requirimento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.

- c) Por acordo do Presidente no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira asemblea xeral que se celebre.
- d) Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

CAPITULO III

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

Artigo 9º.- Son Órganos de representación e goberno do Club, a Asemblea Xeral e o Presidente.

Artigo 10º.- O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal do mesmo, convoca e preside os órganos de representación e goberno do mesmo, executando os acordos destes.

O cargo de Presidente é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por sí mesmo ou a través de persoa interposta.

Será elixido mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada catro (4) anos, consonte ás normas electorais que se fixen.

En casos de ausencia, vacante ou enfermidade do Presidente, a representación unipersoal do Club a ostentarán os Vicepresidentes, pola súa orde, cando os haxa, e, en defecto del/deles o membro da Xunta Directiva que sexa sinalado polo propio Presidente, se isto fora posible ou, senón o fora, polo membro que sexa elixido pola maioría da propia Xunta Directiva.

Artigo 11º.- O Presidente cesará por:

- a) Transcorre-lo prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 12º

1.- Como órgano complementario dos de goberno e representación poderá haber unha Xunta Directiva que actuará como órgano colexiado de xestión do Club, e exercerá as funcións que se lle confiren por estes Estatutos.

2.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a tres (3) e non superior a sete (7), libremente designados e revogados polo Presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Ao fronte da Xunta Directiva estará o Presidente, formando parte da mesma, tamén, un Secretario e un Tesoureiro.

3.- Todos os cargos serán gratuítos e carecerán de interese nos resultados económicos do Club por sí mesmos ou por persoa interposta.

Artigo 13º

1.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concurren a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concurrencia, polo menos, de tres (3) dos seus membros, e, en todo caso do Presidente ou Vicepresidente que, no seu caso, o substitúa.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous (2) días de antelación como mínimo, á data de celebración.

A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

3.- En especial corresponde á Xunta Directiva:

a) Dirixir a xestión do Club, velando polo cumprimento do seu obxecto social.

b) Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea.

c) Aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Club.

d) Proponer, no seu caso, a admisión de socios honorarios.

e) Decidir, no seu caso, por maioría dos seus membros, a admisión de socios protectores, dando conta á Asemblea na primeira reunión que a mesma celebre tras o seu nomeamento.

e) Autorizar, no seu caso, a utilización das instalacións do Club por parte dos socios protectores.

f) Redactar os proxectos de modificación de Estatutos e de Regulamentos de Réxime Interior e bases competicionais, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.

g) Nomear ás persoas encargadas de dirixir as distintas Comisións que, no seu caso, se creen, así como organizar as distintas actividades do Club.

Artigo 14º.- Os Vicepresidentes, cando os haxa, terán como principal función a de colaborar co Presidente na toma de decisións, así como a de sustituílo no caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

No caso de existir varios Vicepresidentes, as súas decisións terán que ser adoptadas por acordo maioritario dos mesmos e, de existir tan só dous Vicepresidentes, por consenso entre ambos.

Artigo 15º.-

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa do Club e levará o Libro de Rexistro de Socios e o Libro de Actas.

Artigo 16º

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario do Club, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 17º

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno do Club e estará integrada por tódolos seus socios de número.

2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda e última convocatoria, convocada media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes.

Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, como mínimo, dez (10) días naturais e non poderá transcorrer máis de vinte (20).

Artigo 18º.-

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente, a iniciativa propia ou do vintecinco por cento (25%) ó menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.

b) Presuposto para o seguinte exercicio.

c) Aprobación das cotas de Socios para o seguinte exercicio

d) Proxectos e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.

e) Proposicións que formulen os socios de número e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento (5%) dos mesmos.

2.- Terá de se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes Estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

Artigo 19º.-

1.- Como regra xeral, os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos presentes, requeriéndose unha maioría cualificada e un quorum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os Estatutos ou a normativa de aplicación.

2.- Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral, polo Presidente e/ou, no seu caso, pola Xunta Directiva do Club serán vinculantes e de obrigado cumprimento para todos aqueles aos que vaian dirixidos e terán forza executiva a partir do día seguinte á da data da súa adopción ou, de ser necesaria, da súa notificación ou publicación. Todo isto sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes de carácter xudicial, ou da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, de conformidade coa normativa aplicable para cada suposto e dentro dos prazos que na mesma se sinalen.

3.- Sen prexuízo do que se recolle no apartado anterior, de conformidade co disposto pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, os conflitos internos que poidan xurdir no ámbito do Club e que non estean previstos no ámbito do réxime disciplinario, teñen natureza puramente asociativa e de ámbito civil, polo que quedan suxeitos á posibilidade de sometelos a arbitraje ou mediación, de conformidade co disposto polo Título VI da citada Lei e normativa conexas e desenvolvemento da mesma.

CAPITULO IV

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental do Club, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

Artigo 21º.- No libro de Rexistro de Socios, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan no Club. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- No libro de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas Terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos do Club, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 24º.- Os órganos e socios do Club estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 25º.- Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

CAPITULO V

RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

Artigo 26º

1. No momento da creación do Club deportivo, o mesmo carece de patrimonio e non dispón de instalacións ni locais propios.
2. No futuro, o patrimonio do Club estará integrado por:
 - a) As aportacións económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.
 - b) As doazóns e subvencións que reciba
 - c) Os resultados económicos que poden producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
 - d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin do Club o ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ó cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 27º.- O Club poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- 1.- Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
- 2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económicoactuarial.
- 3.- Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

Artigo 28º.- O Club poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, que serán nominativos. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 29º.-Os títulos de débeda só poderanse subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 30º.- Os títulos de parte alícuota patrimonial han ser asemade, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 31º.- Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial serán transferidos únicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB

Artigo 32º.- Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derrogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro Entidades Deportivas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.

Artigo 33º.-O Club extinguirase ou disolverase por acordo de: a) dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto b) por sentenza xudicial c) por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Entidades Deportivas.

Artigo 34º.- Disolto O Club, o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou, subsidiariamente, polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.